



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Agosto 2020


Santiago de Compostela, 07 de outubro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en agosto de 2020 un retroceso do 4,2% con respecto a agosto de 2019, mentres que a nivel nacional a caída foi do 5,7%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e os bens de equipo decreceron un 14,7% e 5,4% respectivamente mentres que os bens intermedios creceron un 10,9%. Pola súa parte, a enerxía caeu un 5,0%.
- Por ramas de actividade as maiores repercusións negativas corresponden á “fabricación de produtos metálicos” que resta 2,4 puntos, a “fabricación de bebidas” que resta 1,9 puntos e a “industria da alimentación” que detrae 1,2 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións positivas, destacan a “fabricación de vehículos de motor” que achega 2,7 puntos, a “fabricación doutros produtos minerais non metálicos” que achega 1,7 puntos e “outras industrias extractivas” que achega 0,7 puntos.

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de agosto de 2020 en Galicia acadou unha taxa interanual negativa do 4,2%, mellorando en 6,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-10,5%). En España rexistrouse un retroceso do 5,7%, mellorando en 0,5 puntos a taxa acadada no mes anterior (-6,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 14,7%, o que detrae 4,8 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 5,4%, o que minora 1,2 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** crecen un 10,9%, cunha repercusión positiva de 2,8 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 5,0% e resta 0,9 puntos á taxa de variación interanual.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores repercusións negativas á taxa interanual de agosto foron: a “fabricación de produtos metálicos” que resta 2,4 puntos, a “fabricación de bebidas” que resta 1,9 puntos e a “industria da alimentación” que detrae 1,2 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás achegas positivas, (6,6 puntos de 8 ramas), destacan a “fabricación de vehículos de motor” que achega 2,7 puntos, a “fabricación doutros produtos minerais non metálicos” que achega 1,7 puntos e “outras industrias extractivas” que achega 0,7 puntos.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -19,0% de Balears e o 6,9% de Murcia. Agás a devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Comunitat Valenciana (2,6%), Aragón (1,6%), Castilla - La Mancha (-0,4%), Navarra (-1,6%), Extremadura (-2,4%), Cantabria (-3,7%), Madrid (-4,0%) e Galicia (-4,2%).

IPI agosto 2020


Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores descensos rexístranse en País Vasco (-16,6%), Asturias (-16,9%) e Balears (-23,3%). As menores caídas prodúcense en Murcia (-3,4%), Extremadura (-9,7%) e Madrid (-9,8%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de producción industrial. Agosto 2020

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)		REPERCUSIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	85,3	-4,2	-13,2	--	--
Bens de consumo	108,8	-14,7	-16,7	-4,8	-4,4
Bens de equipo	74,4	-5,4	-18,7	-1,2	-4,7
Bens intermedios	102,7	10,9	-11,1	2,8	-3,1
Energía	59,0	-5,0	-4,7	-0,9	-0,9
España					
Xeral	81,0	-5,7	-12,8	--	--
Bens de consumo	83,3	-7,3	-9,4	-2,0	-2,4
Bens de equipo	62,0	-10,3	-21,1	-1,8	-4,9
Bens intermedios	78,6	-2,3	-12,5	-0,6	-3,8
Energía	101,0	-4,6	-8,0	-1,2	-1,6

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade . Galicia. Agosto 2020

Ram as	VARIACIÓNS (%)				Pondera cións
	Interanual	Repercu sión	No que vai de ano	Repercu sión	
Total	-4,2		-13,2		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	37,1	2,7	-7,2	-0,8	13,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	74,1	1,7	-13,9	-0,4	2,6
Outras industrias extractivas	60,5	0,7	7,9	0,1	1,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	11,9	0,4	-18,5	-0,8	3,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	14,9	0,3	-12,6	-0,3	2,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	16,4	0,3	-9,5	-0,2	1,4
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,2	0,1	2,3	0,3	22,3
Industria química	-1,4	0,0	-9,0	-0,2	1,5
Fabricación doutro material de transporte	-3,0	-0,1	-35,8	-0,7	2,0
Outras industrias manufactureiras	-20,0	-0,1	-22,1	-0,1	0,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-2,9	-0,1	-11,6	-0,4	4,1
Industria téxtil	-28,9	-0,1	-17,7	-0,1	0,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-5,6	-0,3	-7,5	-0,4	5,1
Industria do papel	-12,6	-0,4	-10,2	-0,3	2,2
Fabricación de mobles	-27,5	-0,5	-24,3	-0,3	1,1
Confección de roupa de vestir	-13,4	-0,7	-30,8	-1,5	4,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-28,1	-0,8	-16,8	-0,4	2,0
Industria da alimentación	-7,0	-1,2	-4,5	-0,7	13,2
Fabricación de bebidas	-28,1	-1,9	-35,8	-1,6	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-22,4	-2,4	-29,4	-3,1	7,7
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Agosto 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	81,0	-5,7	-12,8
Galicia	85,3	-4,2	-13,2
Andalucía	89,0	-5,7	-14,2
Aragón	82,2	1,6	-14,4
Asturias	76,6	-18,9	-16,9
Balears (Illes)	78,3	-19,0	-23,3
Canarias	84,6	-12,1	-12,0
Cantabria	90,5	-3,7	-14,5
Castilla - La Mancha	90,4	-0,4	-10,8
Castilla y León	67,9	-10,7	-15,1
Cataluña	74,8	-8,8	-13,6
Comunitat Valenciana	84,7	2,6	-10,3
Extremadura	122,7	-2,4	-9,7
Madrid	84,7	-4,0	-9,8
Murcia	114,0	6,9	-3,4
Navarra	92,3	-1,6	-11,8
País Vasco	63,2	-15,4	-16,6
Rioja (La)	58,6	-13,5	-16,0

Fonte: INE